

# A ESTACIÓN DE HIDROBIOLOXÍA “ENCORO DO CON” ANTE A DESTITUCIÓN DO SEU DIRECTOR, FERNANDO COBO

Redacción Cerna  
Coa colaboración de Fernando Cobo\*

A Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” é un dos centros da Universidade de Santiago de Compostela para a investigación biolóxica das augas continentais. Desde a súa inauguración en 2004 desenvolveu unha prolífica actividade, acadando grande impacto social e recoñecemento internacional. Tras case 20 anos de bo facer, o equipo de goberno da USC destituiu a quen foi o impulsor e director do centro, Fernando Cobo, “poñendo en risco a continuidade do labor científico e docente desenvolvida ata hoxe”, segundo el mesmo afirma.



Toma de datos biométricos no campo.



Desenvolvemento de cursos universitarios de especialización.

## UNHA TRAXECTORIA PROLÍFICA E PREMIADA

A Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” (EHEC) foi creada no ano 2004 co fin de propiciar, fomentar e desenvolver a investigación en bioloxía das augas continentais. Dende entón, investiu unha importante cantidade de fondos na infraestrutura científica e loxística do centro coa finalidade de ofertar as instalacións e medios aos profesores e investigadores interesados en desenvolver prácticas de todos os ciclos universitarios, traballos científicos, proxectos de investigación, reunións científicas, etc. Ademais, o equipo ofreceu asesoramento e colaboración en materia de investigación a entidades públicas e privadas, e avalou e coordinou relacións de intercambio científico con outras universidades e institucións de España e doutros países.

Na súa actividade científica, a EHEC desenvolveu proxectos relacionados coa Hidrobioloxía e a Limnoloxía: ecodinámica; biomonitorización da calidade da auga e control biolóxico da contaminación das augas doces; biodiversidade e conservación do macrobentos; rehabilitación e restauración dos ecosistemas acuáticos continentais; ictioloxía; invasións biolóxicas; toxicidade e control das cianobacterias; e avaliación de servizos ecosistémicos.

Desde a súa creación, todos os membros do grupo participan activamente nas actividades educativas e de divulgación organizadas, entre as que se atopa a formación de monitores de Proxecto Ríos. Por outra banda, de acordo co número de proxectos de investigación e publicacións científicas e segundo expón o profesor Cobo, “pode considerarse que se atopa entre os mellores equipos na súa área de coñecemento”. Así, no período 2015-2020 o grupo foi seleccionado para o desenvolvemento de dous proxectos de investigación internacionais en América Latina, tres da UE, un da Fundación Biodiversidade e 14 contratos con empresas e institucións.

Tamén é de destacar a capacidade de publicación neste período: 47 publicacións internacionais, das cales 45 son traballos de impacto (76.7% no primeiro cuartil) e léronse cinco teses doutorais.

Na súa actividade académica, asinou convenios de colaboración con universidades de España, Francia, Portugal, Paraguai, Ecuador, Perú e centros de investigación como o Museo Nacional de Ciencias Naturais, o Acuario Finisterrae e o INRA Francés.

A EHEC obtivo o “Selo de Compromiso coa Excelencia Europea 200+”, un recoñecemento á calidade do traballo de entidades públicas e privadas preocupadas por mellorar a súa xestión de forma continua. Dende 2009 veuse renovando cada dous anos ata a data. Ademais, foi galardoado co Premio Europeo á Calidade Universitaria (2019), cuxo obxectivo é recoñecer, fomentar e potenciar o desenvolvemento e intercambio das boas prácticas nas universidades e institucións educativas, nacionais e internacionais.

No referente ao seu labor social, obtivo o Primeiro Premio do I Concurso de Accións Sostibles de Emprendemento Social (ASES) da Cátedra Dr. Jaime Vera de Emprendemento Social por orientar a piscicultura da troita como terapia ocupacional no tratamento de drogodependencias do Proxecto Home. O Diario de Arousa outorgoulle á Estación o premio “Arousán do Ano” e foi recoñecida co “Premio Medio Ambiente Aproema 2014” polo seu fomento de actividades científicas e de divulgación.

## AS CONSECUENCIAS DA DESTITUCIÓN DE COBO

A decisión do equipo de goberno da USC de destituir a comezos do pasado outono a quen foi o impulsor e director do centro, Fernando Cobo, “ameaza a continuidade do labor científico e docente desenvolvida ata hoxe”. El mesmo incide en que a inactividade e os cambios organizati





Toma de mostras para traballos de peritaxe en delitos ambientais.

vos realizados desde entón supuxeron a imposibilidade de renovación do selo de excelencia europea e a saída da Asociación internacional de Estacións de Campo. Indica, ademais, que se perderon as actividades de colaboración con entidades e agrupacións cidadás que estaban en marcha, e están comprometidas as clases prácticas universitarias e de empresas.

Segundo a USC, a decisión de eliminar a figura do Director da Estación tómasse en atención a unha reestruturación das tres estacións de campo da USC, coincidindo coa xubilación dos directores das outra dúas, a de Bioloxía Mariña da Graña e a Estación Científica do Courel. No entanto, Cobo atribúe o seu cesamento a unha represalia por ter declarado como testemuña nos xuízos polas reivindicacións laborais do xefe e da encargada de laboratorio e calidade do centro de investigación. Expón que ocuparían os seus cargos en precario desde hai máis de 15 anos, irregularidade que viña denunciando na Reitoría ano tras ano. Ademais, o ex-director do centro asegura que sufriu ameazas para non declarar e que se “deu orde de facer unha retención cautelar dos fondos de dúas partidas orzamentarias correspondentes a contratos de investigación co fin, segundo consta documentalmente, de regularizar parcialmente os custos derivados da sentenza xudicial que afectan ao contrato do traballador”. Profunda Cobo, “esas partidas estaban destinadas aos gastos de execución e de persoal, que non se farán efectivos, e que necesitaban da miña autorización como director do centro de gasto, e non poderían ser utilizados para facer fronte aos custes derivados da sentenza favorable ao traballador”.

Despois de esgotar a vía administrativa, o profesor Cobo decidiu denunciar perante o xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, ao Vi-

carreitor de Investigación da USC, Vicente Pérez Muñuzuri, e ao xerente da universidade, Javier Ferreira Fernández, acusándoos de «un delito de ameazas do artigo 171 do Código penal, e no seu caso, de delito de coaccións e de apropiación indebida ou desviación de fondos, así como de calquera outro que puidese resultar da instrución que leve a cabo».

Obrigados polas circunstancias, actualmente o grupo de investigación desenvolve os seus proxectos dende o Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía física da Facultade e dende o Instituto CRETUS. Estes proxectos inclúen o traballo sobre a protección e conservación dos peixes migradores no ramo internacional do río Miño e os seus afluentes. Outro proxecto con financiamento europeo é o LIFE INVASAQUA, de concienciación e prevención sobre especies exóticas invasoras de auga doce e de esteiros na Península Ibérica. Financiado polo Interreg espazo atlántico, están a desenvolver o proxecto DiadES (DIADromous fish and Ecosystem Services): Avaliación e mellora dos servizos ecosistémicos proporcionados polos peixes diádomos nun ambiente de cambio climático.

Coa Escola Superior Politécnica de Chimborazo (ESPOCH, Facultade de Recursos Naturais de Riobamba, Ecuador) están desenvolvendo o proxecto ECOBOCH: Sistemas baseados en comunidades de macroinvertebrados acuáticos para a avaliación do estado ecolóxico dos humidais da meseta andina da Reserva de Producción de Fauna do Chimborazo.

A súa colaboración coa Universidade San Antonio de Arequipa (Perú) céntrase no estudo sobre a selección e adaptación de índices bióticos para a avaliación do estado ecolóxico dos ríos Sihuas e Vitor, na vertente occidental sur do Perú, moi afectados pola minería ilegal do ouro (proxecto SAIB).

O proxecto de concesión máis recente, 1MARDEALOSAS - “Avaliación das capturas incidentais de *Alosa alosa* e *Alosa fallax* pola frota costeira de Galicia: análise do problema, sensibilización e proposición de medidas de xestión e protección” está auspiciado pola Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e investiga os trazos descoñecidos da súa ecoloxía e distribución no medio mariño destas 2 especies, para establecer políticas e plans de xestión eficaces para a súa protección e conservación.

Así pois, esta é a situación dun centro que, segundo Cobo, chegou a ser “o máis representativo da investigación sobre as augas doces galegas e que no momento de maior actividade e recoñecemento foi desmantelado por mor da miopía duns poucos”.

\*Fernando Cobo foi o impulsor da Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” e o seu director ata finais de 2020.



Traballos de pesca eléctrica para a mostraxe de peixes.



Instalación de limnocorrais para o estudo do control de cianobacterias.